



ACTA DA REUNIÓN DO 8 DE OUTUBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

Dª. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

Dª. Carolina Costoya Pardo
Directora da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 13,12 horas do **8 de outubro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, do servizo para a xestión dos sistemas de información.

Orde do día:

Punto primeiro.- Estudo a avaliación do informe técnico relativo a documentación presentada no sobre B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor).

Punto segundo.- Comunicación da avaliación obtida pola empresa en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Punto terceiro.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

Desenvolvemento da reunión:

Punto primeiro.- Estudo a avaliación do informe técnico relativo a documentación presentada nos sobres B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor).

A Mesa de Contratación estuda o informe técnico elaborado polo Servizo de Tecnoloxías da Información no que se manifesta que a oferta presentada por TecnoCom, telecomunicacións e enerxía, S.A. cumpre sobradamente cos mínimos esixidos no PPT, se valora positivamente a documentación presentada polo licitador no sobre B, e que non se procedeu á súa puntuación por ser innecesario ao tratarse da única oferta presentada.

A Mesa de Contratación asume, por unanimidade, o contido do informe técnico.

Invítase a que acceda á sala o representante presente da empresa conxorrente:

D. Tomás Barreiro Casal, con dni nº 52457277G.

Punto segundo.- Comunicación da avaliación obtida pola empresa en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que non se procederá á lectura dos anuncios de licitación por terse cumprimentado este trámite na sesión pública de apertura dos sobres B, e informa que o 14 de setembro celebrouse a sesión pública de apertura do sobre "B" e posteriormente a documentación nel contida foi trasladada á unidade administrativa competente do Parlamento de Galicia para a súa valoración.

Comunica que, logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esa unidade, que asume a Mesa de Contratación, determínase que a oferta presentada Tecnocom, telecomunicaciones y energía, S.A. cumpre sobradamente cos mínimos esixidos no PPT, se valora positivamente a documentación presentada polo licitador no seu sobre B e que non se considerou necesaria a atribución de puntuación por ser innecesario ao tratarse da única oferta presentada.

Punto terceiro.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

O presidente invita ao representante presente a que examine o sobre "C", e comprobe que se atopa pechado e nas condicións nas que foi entregado. Informa que pode efectuar as manifestacións ou observacións que considere oportunas antes de proceder á apertura do sobre pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións.

Procédese a continuación á apertura do sobre presentado. O secretario anuncia a oferta contida no sobre, que é a seguinte:

	Ofertado pola empresa
<i>Prezo, excluído o IVE</i>	300.000,00 €
<i>IVE</i>	63.000,00 €
<i>TOTAL</i>	363.000,00 €
<i>Bolsa de horas para a realización de tarefas de consultoría</i>	100

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 13,23 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 María Aneiros González Vogal
 Carolina Costoya Pardo Vogal	 Santiago González Serrano Secretario